

– Para escribir *Once portas*, baseouse Vde. nalgún tipo de documento ou de lenda sobre Compostela ou, agás os acontecementos históricos, é todo da súa invención?

– Todo comezou a partir da lectura dun libro sobre Santiago no Medievo, que collín un día na biblioteca para compensar a miña enorme ignorancia sobre o pasado da cidade onde nacín e vivo. Nel citábase un acceso na muralla denominado poxigo do Souto, do que non se ofrecía máis información que o seu nome. Pescudei en máis estudos similares e non atopei nada, e entón pensei que ese podía ser un punto de partida interesante para un relato. Polo demais, todo é ficción agás as referencias históricas, como que Santiago tivo unha muralla, que os restos do Apóstolo estiveron desaparecidos entre 1589 e 1879, as igrexas intra muros das que se fala na novela e as súas datas de construción... A diferenza das miñas outras obras, neste caso o labor de documentación foi intenso, xa que por máis que se trata dunha novela fantástica, pretendía que fose verosímil e esteada en datos certos.

– Dende logo, a novela é todo un cambio de rexistro con respecto, por exemplo, a *De remate*, coa que gañou o Premio Xerais. Esta novela “pensouna” antes ou despois de gañar o Xerais?

– *De remate* é o primeiro libro que escribín, de modo que tanto *Once portas* como os demais son posteriores; pero non moito, porque nun período de menos de seis meses rematei catro novelas, entre as que están estas dúas. Toda aquela xeira foi escrita antes de gañar o Premio Xerais, cando non tiña nada publicado nin perspectivas de que así fose. Naqueles inicios estaba a probarme como escritor e por iso concibín historias tan dispares e tan afastadas entre si en xéneros, estrutura e temática. Cando me digan que unha novela miña se parece excesivamente a outra anterior, será o momento de dedicarme a outra cousa (risos).

– Pola súa historia, Compostela é unha cidade ideal para escribir novelas de misterio, con licenzas ao fantástico, como é o caso da súa. A historia que Vde. conta podería acontecer noutra cidade que non fose Santiago?

– Teño a sorte de vivir nunha das cidades máis atractivas do mundo para ser convertida en escenario dunha trama de calquera tipo. Ademais das vertentes de toda a vida (a histórica, a enigmática, a relixiosa, mesmo a estudantil), Santiago reforzou nos últimos anos o seu carácter poliédrico con episodios trágicos e criminais que abren novas vías para a creación literaria arredor dela. Cinguíndonos á pregunta, neste caso o cambio de localización é inconcebible porque Compostela non é só o escenario, é a verdadeira protagonista da novela.

– Neste tipo de xéneros con misterio e suspense, cada autor ten a súa “estratexia” para enganchar o lector ata a última páxina. Cal é a súa “estratexia de enganchar”?

– *Once portas* gañou o ano pasado o premio Ánxel Fole de Novela Curta; trátase dun texto de pouco máis de cen páxinas, que se le nunha tarde, así que tampouco é preciso recorrer a moitos mecanismos de enganchar (risos). En serio, a única estratexia á que recorro é pensar en como respondería eu, como lector, ante o que vou escribindo: se me convence, perfecto; e se non, “delete” e a tentado de novo.

– Ten Vde. tamén feito incursións na literatura infantil e xuvenil (caso de *Quen dá a quenda?* ou *A caixiña dos rancores*). Cal é o segredo para chegar aos lectores máis novos?

– Non hai segredo ningún, aí está a maxia do asunto. O público infantil, por suposto, depende do que os adultos lles recomenden, pero a partir de aí o seu criterio con-

figúrase desde a liberdade absoluta. Tanto lles ten o xénero, a temática, a complexidade ou a extensión da proposta... e moito menos quen é o autor, referencias polas que si se guían os maiores. Cando o conxunto funciona, como sucede con *Quen dá a quenda?* (dos outros libros non teño tantas referencias, porque saíron bastante despois), o primeiro fascinado es ti. Polo menos é o que me pasa a min. E seguro que se quixese repetir empregando os mesmos recursos e mecanismos, fracasaría.

– En Galicia presumimos de ter unha boa literatura infantil e xuvenil, reflectida ademais polo número de exemplares vendidos. Cre que tamén ese xénero é tratado como se merece ou aínda caemos no tópico de que se trata dun “xénero menor”?

– O tópico persiste, sen dúbida. Ou iso é o que tiro da miña curta experiencia como

autor. Parece que os libros de literatura infantil e xuvenil teñen o seu percorrido restrinxido aos centros de ensino, o que paradoxalmente garante maiores vendas, pero que para o escritor xera certa sensación de frustración, de que os seus libros non “voan libres”, senón que precisan dalgún tipo de acompañamento no seu percorrido. A iso axuda que algúns escritores consideren as súas obras de LIX como unha parte menos seria, secundaria ou mesmo marxinal da súa produción, e tamén que haxa críticos que non atenden máis que a novela para adultos. Despois de *De remate* eu escribín só obras infantís e xuvenís; incluso *Once portas* podería considerarse unha novela xuvenil, polo seu ton, polo estilo da trama, pola idade do protagonista... , aínda que vaia dentro dunha colección de narrativa en xeral. En moitas ocasións preguntame

cando vou escribir algo máis para o público adulto, que teñen gana de ler máis cousas miñas, como se todo o demais que escribín non valse para que o lea calquera. Está mal que eu o diga, pero *Quen dá a quenda?* é un libro que pode entusiasmar lectores de todas as idades e dáme moita mágoa que só os rapaces de nove, dez ou once anos o lean porque é un “libro infantil”.

– Non moitos saben que é Vde. quen traduciu ao galego *O gardián invisible* de Dolores Redondo. Cando estaba a traducir esa novela, tiña a impresión de que estaba diante dun futuro “best-seller”?

– O certo é que si, pero non porque eu posuía un olfacto especial para recoñecer con antelación un libro que vai ter éxito. *O gardián invisible* é un caso excepcional: malia ser practicamente a primeira novela des-



O escritor compostelán Héctor Cajaraville.

Héctor Cajaraville - ESCRITOR

“Se me din que dúas novelas miñas se parecen, dedícome a outra cousa”

Gañador do Premio Xerais de Novela en 2015 con *De remate*, o escritor santiagués Héctor Cajaraville vén de publicar *Once portas* (Xerais), obra que resultou gañadora do Premio Ánxel Fole de Narración Curta do Concello de Lugo. *Dacabalo entre o histórico e o fantástico*, en *Once portas*, Cajaraville cóntanos unha viaxe polos episodios sobranceiros da historia compostelá e unha homenaxe á cidade de Santiago a través dos seus símbolos máis universais.

LOURDES VARELA

ta autora, saíu a un tempo nunha decena de linguas, o que daba idea de que se trataba dunha novela fóra do común. E logo vin que tiña todos os ingredientes: crimes, misterio, acción, xiros impredecibles, unha personaxe protagonista potente e cun conflito persoal que se mestura coa propia trama criminal, unha contorna suxestiva, o toque xusto de lenda e fantasía... Había que darlle unha boa cocedura a todo iso, e parece que Dolores Redondo deu coa receita acada.

– Para unha persoa que, coma Vde., escribe obras propias, orixinais, cal é a mellor maneira de afrontar o encargo de facer a tradución da obra doutro autor?

– A premisa é o absoluto respecto polo orixinal. Cando estás traducindo un texto alleo, podes ter a tentación de realizar un labor de intervención que vaia máis alá do necesario, polo que me vin na obriga de realizar un esforzo de contención permanente. Debes ter claro que a túa función é a de intermediario, por máis que haxa unha certa marxe para a creatividade. En calquera caso, a experiencia non foi satisfactoria: debido aos compromisos de lanzamento foi un traballo contra o reloxo que non resultou como eu quixera. A proba é que non recibín máis encargos deste tipo, nin sequera para traducir as outras dúas partes da triloxía a que pertence *O gardián invisible*.